

# Memoria técnica

RECOLLIDA E ANÁLISE DAS NECESIDADE E O INTERESE DE CRECEMENTO DA SUPERFICIE DOS VIÑEDOS SUBZONA CONDADO DO TEA DENTRO DO PROXECTO “VIÑO E FROITA”

**Promotor:**

**GDR CONDADO PARADANTA**

**Redactora:**

**ALEJANDRA GONÁLEZ FERNÁNDEZ**  
ENXEÑEIRA TÉCNICA AGRÍCOLA



## Obxectivo

O obxectivo xeral do proxecto é contribuír a fortalecer ao sector vitivinícola e a potenciar o sector da froita, como procura de alternativas para a terra agraria abandonada no territorio de actuación do GDR Condado Paradanta.

O obxectivo concreto desta acción é analizar e coñecer as necesidades e o interese de crecemento das explotacións de viñedos para, posteriormente con esa información, analizar a posta en marcha de algún instrumento da Lei de recuperación de terra agraria, concretamente un polígono agroforestal para viñado.

# Antecedentes

O condado do Tea é unha das cinco subzonas que conforman a Denominación de Orixe Rías Baixas e unha das tres subzonas orixinais. Debe o seu nome á influencia do río Tea, afluente do Miño. Inclúense dentro desta subzona o territorio pertencente aos concellos de Salvaterra de Miño, Arbo, As Neves, Crecente, Pontearreas, Salceda de Caselas, a parroquia de Valeixe do Concello de A Cañiza, Tui e Mos. Estes dous últimos fora do territorio de actuación do GDR, fora polo tanto deste proxecto.

O cultivo vai desde a ribeira do río Miño ata os Montes de A Paradanta, cunhas altitudes de 800 metros. A variedade máis cultivada é o albariño pero tamén teñen boa presenza outras variedades como Loureiro, Treixadura e variedades tintas. Motivo este que singulariza esta subzona, con respecto ao outras da DO, coa elaboración do viño plurivarietal Condado.

Segundo datos do Consello Regulador, O Condado do Tea é a segunda das subzonas en cantidade de produción de viños a partir de uva Albariño. Pola contra, é a primeira subzona, en canto a produción, utilizando variedades como Treixadura e Torrontés.

Outra singularidade desta subzona é que é onde o índice de parcelas por viticultor é o máis alta das cinco subzonas que constitúen a D.O. Nela hai o 22,47 % do total da superficie da DO. Ocupando a segunda posición, en canto a superficie cultivada, por detrás da subzona do Val do Salnés.

A modo resumo, segundo datos que figuran na páxina web da D.O. rías Baixas, a estrutura de produción dos viñedos na Subzona motivo do estudo é a seguinte:

**Número de viticultores 906**

**Superficie total cultivada 997,73 Ha**

**Superficie por viticultor 1,1 Ha**

**Número de parcelas 5041**

**Parcelas por viticultor 5,56**

Engadir que, resultado de conversas coa Xerencia do Consello Regulador, eses número análise da Base de datos de viticultores.

# Procedemento e metodoloxía

## Identificación previa dos viticultores

A Subzona do Condado do Tea conta cun número aproximado de 1000 viticultores. O alto número de viticultores facía inviable entrevistarse con todos eles. Isto motivou que se clasificaran aos produtores segundo as seguintes tipoloxías:

- Persoa física ou xurídica que cultiva 2 ou máis hectáreas de superficie
- Persoa física ou xurídica que cultiva menos de 2 hectáreas de superficie
- Adegas produtoras. Cultiva e elaboran viño

A xerencia do GDR entrevistouse coa xerencia do Consello Regulador para presentarlle o proxecto e pedirlle colaboración á hora de divulgar e informar sobre o proxecto entre os seus viticultores e para identificar a unha mostra representativa das tipoloxías indicada máis arriba. Inda que consideraron de interese o proxecto, por diferentes motivos, non foi posible contar con dita colaboración. A identificación dos viticultores levouse a cabo servíndose do coñecemento de técnicos competentes sobre a Subzona do Condado do Tea, que foron contratados polo GDR para desenvolver o traballo de campo.

Seguindo o criterio definido por tipoloxías de produtores identificáronse 70 viticultores.

# Procedemento e metodoloxía

## Traballo de campo

O traballo de campo consistiu en pórse en contacto con cada unha das persoas identificadas (persoas físicas e/ou xurídicas) para explicarlle o proxecto e o obxectivo do mesmo. Se accedían a participar no proxecto concertábase visita a súa explotación para realizar a entrevista

**Das 70 persoas viticultoras identificados, finalmente 40 foron os que aceptaron participar no proxecto.**

De xeito xeral, a información que se pretendía obter con estas entrevistas era a situación actual da explotación, se a persoa viticultora tiña expectativas de crecemento e, de selo caso, se xa tiña identificada potenciais parcelas para facelo. Para elo, deseñouse unha serie de preguntas, cuxas respostas, recollerían toda esa información. Estruturáronse en catro apartados, foron os seguintes:

# Procedemento e metodoloxía

## Traballo de campo

### 1.- Información sobre o/a produtor/a

- a. **Localización** (punto)
- b. **Produtor/elaborador**
- c. **Superficie total**
- d. **Número de parcelas**
- e. **Superficie en propiedade**
- f. **Superficie en arrendamento**
  - i. Superficie propiedade de MVMC
  - ii. Superficie propiedade de persoa física
- g. **Superficie outros rexímenes**
- h. **Expectativas** a medio prazo en canto a superficie da explotación:
  - i. Manter superficie pero agrupar parcelas
    - a. Con outras similares (con viñado e variedades similares)
    - b. Con outras sen importar estado
  - ii. Incrementar a superficie
    - 1. Mantendo as parcelas que xa ten
    - 2. Con posibilidade de permuta
      - a. Con outras similares (con viñado e variedades similares)
      - b. Con outras sen importar estado
  - iii. Outras (especificar):
- i. **Estaría disposto a participar nun proxecto piloto de conciliación de tratamentos fitosanitarios coa contorna** (establecer horarios de aplicación por exemplo).

# Procedemento e metodoloxía

## Traballo de campo

### 2.- Información sobre as parcelas cultivadas

a. **Localización**

b. **ID viticultor**

c. **Réxime de tenencia** (importante si se propoñen permutas por exemplo):

- Propiedade
- Arrendado / cedido (sexa da familia ou non)
- Outras (MVMC, etc)

d. **Modelo produtivo**

- Ecolóxico
- Convencional
- Outros (especificar)

e. **Variedades da parcela**

f. **Accesos:** bo, regular, malo...

g. **Outros condicionantes/características:**

- **Obtivo algunha axuda** á reestruturación e reconversión do viñado en Galicia
- **Nº pes/ha** (si é relevante para algunha axuda do sector)
- **Estado do cultivo** (pódese indicar os ano aproximados dende a plantación):
  - Entrada en produción
  - Produción
  - Outros (definir)

h. **Sistema de condución**

i. **Posibilidade de permuta S/N** (podemos diferenciar de uso e/ou propiedade)

j. **Mecanizado (S/N)**

# Procedemento e metodoloxía

## Traballo de campo

### 3.- Outras parcelas

Neste apartado identificábanse parcelas colindantes, ou próximas, non xestionadas polo produtor pero de interese no caso de levarse a cabo algún proxecto de re-organización, agrupación, etc., particularmente se están abandonadas (ou nesa tendencia):

- **Localización**
- **Propietario/a** (coñecido si/non, datos de contacto básicos)
- **Cultivo**
  - Se é viñado, repetir preguntas que nas parcelas do produtor
- **Houbo intentos previos de acceso ás parcelas ou de re-organización?**

### 4.- Elementos de interese a considerar próximos ás zonas identificadas para medrar

Neste apartado pretendíase identificar elementos de interese que puideran influír na creación dun polígono agroforestal. (regadíos, elementos patrimoniais, etc).

Para levar a cabo a recollida de datos utilizouse un caderno de campo dixital deseñado pola Universidade de Santiago de Compostela para o proxecto Viño e Froita, que contiña os apartados anteriormente mencionados e que permitía que os datos recollidos se volcaran, xeolicalizados, directamente sobre un visor que facilitaría o traballo de gabinete a realizar con posterioridade.



# Tratamento de datos

Finalizado o traballo de campo procedeu-se ó tratamento dos datos para o seu análise en GIS así como a realizar a cartografía

Unha vez analizada a información recollida, obtivéronse os seguintes datos:



PRODUTORES ENTREVISTADOS	SUPERFICIES DE CULTIVO	TIPOLOXÍA PRODUTORES	SUPERFICIES CULTIVADA	SUPERFICIE E PARCELAS SEGUNDO PROPIEDAD
35 produtores entrevistados	Máis de 2 ha	17 adegas	335 ha	175 ha en propiedade 272 parcelas
				45 ha en aluguer 198 parcelas
				115 ha CMMC 9 parcelas
	Menos de 2 ha	5 Viticultores	5,5 ha	50,4 ha en propiedade 121 parcelas
				35,4 ha en aluguer 198 parcelas
				7 ha CMMC 2 parcelas

# Tratamento de datos

## ADEGAS

Identificamos como adegas aqueles produtores de máis de 2 ha que, ademais da produción da materia prima, tamén procesan e elaboran o viño.

A variedade principal que cultivan é o Albariño, e o sistema de condución máis utilizado é a parra e a espadeira. O cultivo está mecanizado e principalmente é convencional, agás no caso dunha das adegas visitadas, Bodegas Corisca, que é ecolóxica.

A superficie total dedicada a viñedo das 17 adegas entrevistadas é de 335,4 ha.

- 175 ha en propiedade (51,95%) repartidas en 272 parcelas.
- 45 ha en arrendamento (13,51%) repartidas en 198 parcelas.
- 115 ha en Comunidades de Montes en Man Común (115 ha) repartidas en 9 parcelas.

Estes datos evidencia unha realidade do territorio, un marcado minifundismo e unha gran fragmentación da propiedade. Ademais é un dato que mostra a dificultade de atopar superficies grandes en terras agrarias. Para poder xestionar unha superficie minimamente rendible é preciso xuntar moitas parcelas e tratar con moitos propietarios. Semella que o problema agrávase no caso dos arrendamentos. Isto pode ser debido a múltiples factores, entre eles, que os propietarios son máis propensos a dar en aluguer parcelas marxinais.

As adegas contan cunha gran capacidade de inverter na transformación e adecuación de terras para o viñedo, polo que valoran máis a superficie total das parcelas que o seu estado, de aí que se estean orientando cara o monte comunal, que como amosan os datos recollidos, permítelles acceder a grandes superficies tratando con poucos propietarios.

As adegas acusan a dificultade para atopar persoal cualificado para o traballo vitícola tanto fixo como temporal. Por outro lado tamén indican a dificultade de compatibilizar as axudas públicas coa realidade do viñedo.

A bodega ecolóxica reporta o seu temor a que un polígono agroforestal dedicado a viticultura na súa contorna, comprometa a súa produción de uva ecolóxica.

# Tratamento de datos

## VITICULTORES

Identificáronse como viticultores aqueles produtores de máis de 2 ha, para os que a viña representa unha actividade económica importante, sendo en algúns casos a súa actividade principal.

A superficie total dedicada a viñedo dos 13 viticultores entrevistados é de 92,7 ha.

- 54,4 ha en propiedade (45,91%) repartidas en 102 parcelas.
- 34,4 ha en arrendamento (45,15%) repartidas en 106 parcelas.
- 7 ha en Comunidades de Montes en Man Común (8,93%) repartidas en 2 parcelas.

O arrendamento é a opción que atopan para medrar pero está moi segmentada a superficie e resúltalles custoso e teñen que tratar con moitos propietarios.

Mostran a súa preferencia por terras agrarias en bo estado xa que teñen menos capacidade de inversión e prefiren parcelas próximas para evitar os desprazamentos excesivos.

Aqueles viticultores que teñen máis capacidade de inversión están crecendo cara as CMMC pola facilidade de captar moita superficie.

Este perfil de viticultor estaría aberto a unha permuta se pode ter toda a superficie xunta nunha mesma parcela.

# Tratamento de datos

## PEQUENOS VITICULTORES

Identificáronse como pequenos viticultores aqueles produtores que non se dedican en exclusiva a actividade vitícola pero esta representa un complemento económico. Son persoas en moitos casos con arraigo e tradición.

Entrevistáronse a 5 pequenos viticultores cunha superficie total de 5,5 ha:

- 3,5 ha en propiedade repartidas en 70 parcelas.
- 2 ha en aluguer, repartidas en 2 parcelas.

Durante as visitas os produtores resaltaron a dificultade de acceder ás terras e a limitación que iso supuxo no seu momento para profesionalizarse. Cabe destacar que a media de idade deste perfil de viticultor é de 54 anos, e moitos indican un problema da remuda xeracional.

Os pequenos viticultores non amosan moita disposición a permutar para aumentar a superficie ou agrupala, prefiren medrar menos pero preto das terras que xa traballan.

# Tratamento de datos

## EXPECTATIVAS DE CRECEMENTO

Unha vez recollidos os datos sobre a situación actual dos produtores procedeuse a coñecer as súas necesidades e expectativas de crecemento. Con este fin os diferentes produtores foron indicando sobre o mapa do caderno de campo, as zonas agrarias abandonadas aptas ou interesantes para o seu crecemento.

Segundo estas indicacións extraéronse os seguintes datos:

PRODUTOR	SUPERFICIE TRABALLADA ACTUALMENTE (HA)	EXPECTATIVAS DE CRECEMENTO (HA)
ADEGAS	335,74	270,64
VITICULTORES + 2HA	92,4	146,14
VITICULTORES -2HA	5,5	4

Segundo a inspección visual das zonas identificadas, podemos dicir que en todas elas existe abandono e/ou infrautilización das parcelas. De tal xeito e segundo a LRTAG identifícanse 8 potenciais zonas para promover un polígono agroforestal.

# Conclusións do proxecto

1.- Segundo datos, do ano 2022, da páxina web do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, na Subzona do Condado do Tea hai 906 produtores/as, que cultivan unha superficie total de 997,73 ha. En consecuencia a superficie media por viticultor/a é de 1,1 ha. Esa superficie produtiva está distribuída en 5041 parcelas, o que supón que cada viticultor cultive unha media de 5,6 parcelas.

Co traballo realizado entrevistáronse a 37 viticultores/as, isto é un 4 % do total de produtores da Subzona. Estes 37 entrevistados/as cultivan unha superficie total de 433,06 ha, sendo a superficie media por produtor/a de 11,70 ha e correspondéndolle unha media de 23,56 parcelas por viticultor/a.

Se comparamos estes datos, os da páxina web do Consello Regulador co resultado do traballo realizado, podemos concluír que: A mostra realizada polo GDR é o suficientemente representativa das necesidades do territorio posto que nos entrevistamos cos viticultores/as que cultiva, case, a metade de toda a superficie cultivada na Subzonada. En consecuencia, entre os entrevistados/as están a maioría das explotacións máis profesionalizadas e con máis capacidade para medrar.

2.- Persoas que, a día de hoxe, teñen na viticultura un complemento económico á unidade familiar, con idade próxima a xubilación (58 anos en diante), debido as dificultades para conseguir terras, a falta de remuda xeracional e as “trabas administrativas e legislativas” valoran o abandono, venda ou aluguer das súas parcelas.

3.- Indicar que existe certa sensibilidade no sector cara mellorar a convivencia entre as necesidades e intereses do mesmo e os dos residentes. Pola contra, non se percibe preocupación ou interese na conservación da biodiversidade e na conservación do medio ambiente

4.- O monte comunal é, para as adegas, o recurso “fácil” para dar resposta a súa necesidade de base territorial.

5.- Existe un gran interese, por unha alta porcentaxe de persoas viticultoras entrevistadas, en ampliar a súa base territorial. Co traballo realizado identificáronse 420,82 ha, de solo agrícola, abandonadas e/ou infrautilizadas e susceptibles de promover nelas varios polígonos agroforestais

6.- É intención do GDR, ademais de dar traslado a AGADER dos resultados do proxecto, traballar nas áreas identificadas polos entrevistados para estudar a posibilidade de promover algún polígono privado.